RESUMO: PRIMEIRA QUINCENA

1. O texto. Propiedades do texto:

As principais características ou propiedades dun texto son a cohesión, a coherencia, a adecuación, o significado, a intencionalidade e a clausura ou cerre. Que o texto debe estar cohesionado quere dicir que ten que estar ben estruturado e ben relacionado nas súas partes. Que o texto debe ser coherente quere dicir que debe centrarse nun tema ou idea central, arredor da que deben xirar as outras ideas. Que o texto deba ser adecuado quere dicir que a modalidade de lingua que se use debe ser comprendida polo receptor ao que vai dirixida a mensaxe, aínda que non o sexa para todos os posibles lectores ou receptores. O significado do texto está determinado polo contexto e situación (espazo e tempo) en que se produce, ao tempo que entra en relación con outros textos o que permite formar un contexto que pode determinar o seu significado. Un texto é unha sucesión de palabras, pero tamén, e sobre todo, é unha sucesión de ideas, cada idea repite información anterior e engade nova información. Esta debe ser a progresión que todo texto debe utilizar para poder avanzar correctamente na información. Pero os textos, ademais, deben ter unha intencionalidade comunicativa, é dicir, deben querer dicir algo a alguén e na medida en que o logren serán máis ou menos eficaces e eficientes. Para lograr esa eficacia poden utilizarse determinadas estratexias. Por último, un texto debe concluír adecuadamente deixando pechada a información, dando por sobreentendido que se logrou o que se pretendía.

2. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións.

As propiedades dos textos teñen a súa base en procedementos lingüísticos como a repetición, a substitución léxica, a elipse ou a referencia.

3. A progresión temática.

Cando nos enfrontamos a un texto, non retemos as palabras, senón as ideas. As ideas sucédense nun texto repetindo e engadindo información. Deste xeito as ideas vanse encadeando en progresión temática. A progresión temática pode ser de tres tipos:

a) Progresión de tema constante: as diferentes ideas dun texto, ou parte delas, van repetindo o mesmo tema. Por exemplo textos nos que caracterizamos algo:

b) Progresión de tema lineal: unha idea introduce un tema novo que aparece repetido na seguinte de xeito encadeado:

c) Progresión de temas derivados: as diversas ideas recollidas polo texto van describindo un tema cunha serie de subtemas. Estes textos aparecen cando describimos algo ou a alguén.

O normal será que os diversos tipos de progresión estean mesturados nos textos.

4. As variedades dialectais.

Son as diversidades idiomáticas debidas a causas xeográficas. Tamén se denominan variedades diat´picas ou sintópicas.

5. Bloques e áreas dialectais.

En Galicia os bloques dialectais, delimitados polas isoglosas pantalóns / pantalós / pantalois, son tres: occidental, central e oriental. Estes bloques subdivídense en áreas.

6. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.

Os principais trazos dialectais do galego son, entre outros, a gheada, o seseo, a solución aos grupos *-ult-*, *-uct-*, *-oct-*, *-oriu-*, e a formación do plural nas palabras rematadas en *-n* e *-l*.

7. O texto dialectal.

Os textos orais poden ser dialectais.